

Arquidiócese de
Santiago de Compostela



Sínodo
2021
2023

fase diocesana

Por unha Igrexa sinodal
comuñón | participación | misión

Estamos a percorrer este
camiño sinodal na
Arquidiócese de Santiago
VEN connosco a



Guía de traballo con
GRUPOS E COLECTIVOS SOCIAIS

“Fago unha chamada a todos os diocesanos, nenos, novos e adultos, a quen traballades na investigación e na docencia, no mar, na industria ou no campo, aos sacerdotes, membros de vida consagrada e laicos, e aos que vos sentides afastados da Igrexa, para que colaboredes na realización do Sínodo que é encontro de oración, reflexión e compromiso, fortalecendo a unidade na fe e a comunión na Igrexa diocesana.”

D. Julián Barrio,
Homilía Misa de Apertura da fase diocesana do Sínodo 2021-2023
17-X-2021



A ACOLLIDA

Sinodo = camiñar xuntos

É moi importante INVITAR a participar nun ambiente informal, distendido, que favoreza o diálogo e a escoita, tal vez ofrecéndolles un chocolate quente, unha merenda, unha camiñada... para motivar este proceso sinodal e explicarlles en que vai consistir.

O responsable de moderar debe comentar ao grupo o OBXECTIVO, o porqué é tan importante e necesario que PARTICIPEN neste PROCESO SINODAL, que poidamos recoller a súa opinión, o que pensan e sinten, con toda liberdade.

Tamén é importante comentar as actitudes que debemos coidar e as trampas que cómpre evitar para traballar en grupo e así lograr encontros eficaces e unha experiencia frutífera para todos.

PRESENTÁMONOS. Imos emprender un camiño sinodal (camiñar xuntos) e isto require que nos coñezamos creando confianza para vivir esta experiencia común.

Esta PROPOSTA nace da convocatoria de Francisco dun Sínodo en varias fases desde 2021 a 2023. O Papa CONVÍDANOS a PARTICIPAR a homes, mulleres, nenos, mozos e adultos de todo o mundo, para EXPRESAR o noso sentir e pensar, a nosa propia experiencia coa Igrexa, e DISCERNIR sobre o rumbo que a Igrexa debe tomar no momento actual para crecer e facer camiño sempre en compañía, nunca en soidade. Y por iso, pídenos que ESCOITEMOS as inquedanzas, opinións y propostas de TODAS AS PERSOAS de todos os ámbitos da nosa sociedade que se sentan máis ou menos próximas á Igrexa, porque nos une un camiño: "humanizar a vida".

Para transitar este camiño é necesario preguntarnos:

- Que debe coidar e achegar a Igrexa neste século XXI -
- En que aspectos, trazos, ámbitos... debe cambiar -
- Que pode aportar ao mundo de hoxe -
- A que problemas sociais, políticos, económicos... debe estar máis atenta

E a vosa OPINIÓN é moi valiosa, así que de antemán MOITAS GRAZAS POR PARTICIPAR, polo voso tempo e traballo! As achegas deste grupo serán escoitadas na nosa Igrexa diocesana de Santiago de Compostela e recollidas co resto de achegas para enviar á Conferencia Episcopal, unida ás sínteses que presentarán as outras dioceses españolas.

Para o DESENVOLVEMENTO das SESIÓNS propoñerémosvos algunhas preguntas para orientar o diálogo, aínda que están abertas a novos matices que queirades achegar.



Propoñémosvos, ademais desta sesión de inicio, 3 sesións de traballo nas que se tratarán 6 bloques de traballo dentro dos puntos fundamentais neste Sínodo: Por unha Igrexa sinodal, comunión, participación y misión. Ademais, poderemos compartir tamén como foi para cada membro deste grupo esta experiencia vivida de "camiñar xuntos".

SESIÓN INICIAL

Por unha Igrexa sinodal



1 CANCIÓN: Comezamos escoitando a canción: "HIMNO DE LA ALEGRÍA".
<https://youtu.be/IKPWZi25DAO> (se se pode proxectar o vídeo mellor)

2 LECTURA do texto (elíxese un dos dous)

“E perseveraban na ensinanza dos apóstolos, na comunión, na fracción do pan e nas oracións. Todo o mundo estaba impresionado e os apóstolos facían moitos prodixios e signos. Os crentes vivían todos unidos e tiñan todo en común; vendían posesións e bens e repartíanos entre todos, segundo a necesidade de cada un. Con perseveranza acudían a diario ao templo cun mesmo espírito, partían o pan nas casas e tomaban o alimento con alegría e sinxeleza de corazón; enalzaban a Deus e eran ben vistos de todo o pobo; e día tras día o Señor ía agregando aos que se ían salvando.”

“O grupo dos crentes tiña un só corazón e unha soa alma: ninguén chamaba seu propio nada do que tiña, pois o posuían todo en común. Os apóstolos daban testemuño da resurrección do Señor Xesús con moito valor. E mirábanos a todos con moito agrado. Entre eles non había necesitados, pois os que posuían terras ou casas vendíanas, traían os cartos do vendido e poñíano aos pés dos apóstolos; logo distribuíase a cada un segundo o que necesitaba.”

3 DIÁLOGO e REFLEXIÓN en grupo

- **QUE É A IGREXA PARA TI?**
- Recoñeces á Igrexa actual nestas palabras?
- Que botas en falta?

PRIMEIRA SESIÓN DE TRABALLO

Comunión

1 **CANCIÓN:** "SOMOS UNO" de Axel (<https://youtu.be/1MibkygUPLU>)

2 **REFLEXIÓN COMPARTIDA** en grupo

Que é para ti a comunión? Recoñécela na Igrexa católica?

3 **COMPARTIR EXPERIENCIAS** vividas na Igrexa (diocese, parroquias, grupos cristiáns) que lembren o camiñar xuntos, en comunión.

Como te sentiches? Que alegrías te achegaron? Cales son as dificultades e os obstáculos atopados? Que feridas revelaron? Que terías feito diferente?

4 **DIÁLOGO** en grupo

Nesta sesión propoñemos dous bloques de traballo sobre a vivencia da comunión:

Bloque 1: ACOMPAÑANTES DE VIAXE. A ACOLLIDA

Na Igrexa e na sociedade estamos no mesmo camiño, sempre con compañía, nunca en soidade. Na propia Igrexa diocesana,

Quen son os e as acompañantes de viaxe que "camiñan xuntos"? Quen forman parte da Igrexa? Que persoas ou grupos son deixados á marxe, expresamente ou de feito? Sénteste acollido/a pola Igrexa?

Bloque 2: CELEBRAR A FE E A VIDA

Quizais participas ou participaches nalgunha ocasión nalgunha celebración da fe (bautismo, matrimonio, eucaristía, funerais, etc),

Que experiencia de celebración tes ou tiveches? Que aspectos cres que habería que mellorar?

SEGUNDA SESIÓN DE TRABAJO

Participación

1 **CANCIÓN:** "CUENTA CONMIGO" de Álvaro Fraile (https://youtu.be/gLz3l1eu_dg)

2 **REFLEXIÓN COMPARTIDA** en grupo

Que significa para ti a **participación**? Recoñécela na Igrexa católica?

3 **COMPARTE EXPERIENCIAS** vividas na Igrexa (diocese, parroquias, grupos cristiáns) que lembren o camiñar xuntos, en participación.

Como te sentiches? Que alegrías te achegaron? Cales son as dificultades e os obstáculos atopados? Que feridas revelaron? Que terías feito diferente?

4 **DIÁLOGO** en grupo

Nesta sesión propoñemos dous bloques sobre como vivimos a participación:

Bloque 3: A ESCOITA E TOMAR A PALABRA

A escoita é o primeiro paso. Esixe ter unha mente e un corazón abertos, sen prexuízos, tendo en conta ademais o contexto social e cultural no que vivimos. Todas as persoas estamos convidadas a falar con valentía integrando liberdade, verdade e caridade.

É a Igrexa capaz de escoitar as opinións, inquedanzas e necesidades das persoas e da sociedade? Sénteste escoitado/a? Que podería facer a Igrexa para escoitar mellor? Existen espazos na Igrexa que faciliten o "tomar a palabra", é dicir, expresarse, opinar e propoñer con liberdade?

Bloque 4: A PARTICIPACIÓN

Na Igrexa favorécese a participación de todos os seus membros? Que cousas habería que coidar máis?

TERCEIRA SESIÓN DE TRABALLO

Misión

1 **CANCIÓN:** "EL PROFETA" de Xaquín R. Pomares
(https://www.youtube.com/watch?v=W4TM_xR6GTE)

2 **REFLEXIÓN COMPARTIDA** en grupo

Cal é para ti a misión da Igrexa? Cres que a consegue actualmente?

3 **COMPARTE EXPERIENCIAS** vividas na Igrexa (diocese, parroquias, grupos cristiáns) que lembren o camiñar xuntos, en misión.

Como te sentiches? Que alegrías te achegaron? Cales son as dificultades e os obstáculos atopados? Que feridas revelaron? Que terías feito diferente?

4 **DIÁLOGO** en grupo

Nesta sesión propoñemos dous bloques sobre a tarefa e o compromiso misioneiro:

Bloque 5: DIALOGAR NA SOCIEDADE

O diálogo é un camiño de perseveranza, que comprende tamén silencios e sufrimentos, pero que é capaz de recoller a experiencia das persoas e dos pobos.

É a Igrexa próxima ás necesidades e inquiredanzas das personas? Favorece o diálogo? A que aspectos da vida social, económica, política,... debería prestar máis atención a Igrexa?

Bloque 6: DISCERNIR E DECIDIR

É a Igrexa capaz de comunicar de forma acertada e clara as súas decisións e posturas? Actúa a Igrexa de forma responsable, comprometida e transparente? Que cambios se necesitan hoxe para mellorar no discernimento e a toma de decisións?

Sinodo = camiñar xuntos

SESIÓN FINAL

Experiencia de sinodalidade actual vivida

1 **CANCIÓN:** "VEN A CASA" de Javier Portela (<https://youtu.be/5GicFCqIDbo>)

2 **COMPARTE EXPERIENCIAS.**

Compartimos o resultado desta experiencia de sinodalidade actual vivida nesta fase diocesana do Sínodo:

- Que experiencia de sinodalidade (camiñar xuntos) viviches ao longo deste proceso de reflexión e compartir? Como te atopaches?
- Compartimos unha aprendizaxe realizada, unha dificultade atopada e un soño alimentado.
- Sinala unha proposta concreta e de futuro que che gustaría que se fisexe na túa parroquia/zona/diocese na que poidas participar.

3 **REVISIÓN:** O secretario/a do grupo pode ler as conclusións de cada sesión de traballo, que serán enviadas á diocese de Santiago previa aprobación polo grupo (achégase follas do secretario/a para a "Síntese do traballo realizado no grupo").

4 **MOMENTO DE DESPEDIDA nun ambiente CELEBRATIVO**

CANCIÓN: "HIMNO DE LA ALEGRÍA". <https://youtu.be/IKPWZi25DAO>

(se se pode proxectar o vídeo mellor)

▶ *Esta sesión pódese facer un día aparte ou ben ao final da sesión 3*

SÍNTESE DO TRABALLO REALIZADO NO GRUPO

Follas do SECRETARIO/A

Nestas tres follas recollemos o ACTA DE CONCLUSIÓNS do traballado no teu grupo. Tamén podemos incluír “particularidades” (aínda que sexa achega só dunha persoa) que poidan ser importantes e construtivas.

Bloque 1: ACOMPAÑANTES DE VIAXE. A ACOLLIDA

Bloque 2: CELEBRAR A FE E A VIDA

Bloque 3: A ESCOITA E TOMAR A PALABRA

Bloque 4: A PARTICIPACIÓN

Bloque 5: DIALOGAR NA SOCIEDADE

Bloque 6: DISCERNIR E DECIDIR



EXPERIENCIA DE SINODALIDADE ACTUAL VIVIDA



PARTICULARIDADES


Nº de **PERSOAS QUE PARTICIPAN** no grupo:

ÁMBITO AO QUE PERTENCE o grupo:

Podes facernos chegar esta síntese, ANTES do 15 de MAIO de 2022 a esta dirección:

sinodo21_23@archicompostela.org

GRAZAS polo voso tempo e participación!!



#PorUnhaIgrexaSinodal
#IgrexaEnCamiño
#IgrexaQueEscoita

Todos
fomos
convidados
a
participar

queremos
escoitarche



ARQUIDIOCESE DE
SANTIAGO 
DE COMPOSTELA